

15 DE DECEMBRO, ÁS 12.00 HORAS

Un berce cheo de contos

Migallas Teatro

Un berce cheo de contos é unha actividade para bebés a partir de seis meses na que se conxuga a tradición oral, os álbums ilustrados e a música en directo. Chega a hora de ir durmir pero Chispa non ten sono. Meu pobre, non para de chorar... Teremos que contarlle uns contos e arrolalo para o sono chamar.

*“Paxariños que voades
polas follas dos loureiros,
deixade durmir o neno,
que está no sono primeiro”*

Duración: 30 minutos

Idades: de 6 meses a 3 anos

Lugar: A Fábrica

Inscripcións desde o 9 de decembro



21 DE DECEMBRO, ÁS 17.30 H

O Apalpador 3.0

A Xanela do Maxín

Apalpador volve un ano máis a percorrer Galiza repartindo soños e alegrías! E para contar a súa historia unimos as artes escénicas co audiovisual nun espectáculo de monicreques e narración oral na que se inclúe a creación de videoproxeccións en directo, conxugando a tradición e as novas tecnoloxías nunha proposta versátil para todos os públicos. Baseado no libro O Apalpador e a nena sen medo.

Duración: 40 minutos

Lugar: A Fábrica

Idade recomendada: de 3 a 6 anos

Inscripcións desde o 16 de decembro



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Un outono con apego



Aínda non formas parte do proxecto Apego? Apego vai dirixido a vós, ás familias que tedes nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudar á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. A lingua de cada pobo é un tesouro! Únete a nós no Apego, porque cremos no noso futuro. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística.

20 DE OUTUBRO, ÁS 12.00 HORAS

Cantamos un conto?

de Luis Vallecillo

Contos Clásicos cos que tantas xeracións soñaron na infancia volven dun xeito diferente, reconvertidos en divertidas cancións cun aire de pop, rock e blues en lingua galega para que as crianzas as canten connosco. *Os tres porquiños, O parrulo feo, Mimi era un gato, Xan sen medo...*

Unha selección de maravillosas historias coas que se compuxeron sorprendentes cancións coas que nos divertiremos cantando todos e todas.

Duración: 45 minutos

Idades: de 3 a 6 anos

Lugar: A Fábrica

Inscripcións desde o 14 de outubro



24 DE NOVEMBRO, ÁS 12.00 HORAS

As cores

de Lidia Pena

As cores é un contacontos cunha primeira parte de dinámicas grupais traballando varios conceptos no que se fai especial fincapé na igualdade e no que tamén se introduce a lingua de signos, rematando cun obradoiro final de elaboración dun mural colectivo.

Sinopse: Hai moito, moito tempo, cando as cores non tiñan nin nome, os incoloros foron os que decidiron dar nome e características a cada unha delas. Dúas decidiron revelarse para defender o seu dereito a ser libre! Cal será o seu segredo?

Duración: 45 minutos

Idades: de 0 a 3 anos

Lugar: Casa da República

Inscripcións desde o 18 de novembro



1 DE DECEMBRO, ÁS 17.30 HORAS E ÁS 18.30 HORAS

Ñam!

de Caramuxo Teatro

Comer é un pracer, pero antes hai que cociñar e escoller os mellores produtos, porque as mazás poden ser verdes ou vermellas, as galletas grandes e pequenas, os tomates da casa ou doutro lado do mundo.

A min encántame o salgado!

Pois eu prefiro o doce!

Ñam! é un espectáculo creado a partir do mundo da cociña, para ver, escoitar, ulir, sentir e saborear en familia.

Duración: 30 minutos

Lugar: Casa da República

Idades: de 3 a 6 anos

Inscripcións desde o 25 de novembro

9 DE NOVEMBRO, ÁS 17.30 HORAS

Bichocas

de Xarope Tulú

Bichocas é un espectáculo dedicado á primeira infancia, onde os obxectos e a palabra nos fan viaxar a través do mundo animal. As protagonistas das nosas historias aprenderán nesta viaxe a importancia de seren diversas e a posibilidade de compartir coas demais os seus afectos.

Duración: 35 minutos

Idades: de 0 a 3 anos

Lugar: Casa da República

Inscripcións desde o 4 de novembro



As inscricións realizaranse desde as 10.00 horas do día marcado ata o día antes do espectáculo, a través do formulario habilitado na páxina web ou chamando ao 981 610 000 extensión 4905. Terán preferencia as persoas inscritas no Apego de Oleiros os dous primeiros días da inscrición.

